



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación definitiva da modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022

EDICTO

Aprobación definitiva da modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 27/10/2022, aprobou inicialmente unha modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022, co obxecto de incluír unha nova axuda a favor da Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol (G15035116) a instancias da área de Emprego:

Entidade	Concepto	Importe
Confraría de Pescadores e Mariscadors de Ferrol (G15035116)	Promoción da actividade pesqueira-marisqueira e comercial da Confraría e apoio á difusión das súas actividades de venda directa e fidelización de clientes	21.000,00 €

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo provisional, publicado no BOP nº 211 do martes, 08 de novembro de 2022, non se presentou ningunha reclamación (tal e como consta no certificado da Secretaría Xeral de data 30/11/2022) elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar ó día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo

Ferrol, 30 de novembro de 2022

A Concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e EDUSI

María Teresa Deus Trasobares

2022/7571